

Margarita Caballero Calleja

(1-8-1924)

O 18 de xullo de 1936 Margarita Caballero Calleja pasaba o verán en Vigo tras rematar os seus estudos de primeiro de bacharelato no colexio que en Pontevedra dirixía Hernán Poza. Tiña doce anos e di que ata aquel día a súa única preocupación era saír a xogar. Pero a súa vida troca co golpe de Estado. O seu pai, o socialista Mauro Caballero Gómez, inicia un agocho que o mantería durante anos sen saír da súa vivenda pontevedresa, meténdose nun oco camuflado na cociña cada vez que soaba o timbre. Dous dos seus catro irmáns, Carlos e Federico, veríanse abocados ao exilio, tras ocultarse o primeiro durante meses na casa dunhas amizades de Pontevedra e o segundo sobrevivir ás sacas nocturnas do Frontón vigués grazas a manter a nacionalidade cubana, país onde nacera no paso pola emigración dos seus pais.



O golpe marcou tamén a chegada á vida de Margarita da súa única irmá, Manolita Gómez Lodeiro, á que os seus pais non procrearon pero á que criaron como unha máis cando a barbarie fascista deixouna orfa de pai e nai con tres anos. Agocho, cárcere, exilio, morte... son distintas caras da represión que viviu de preto á familia Caballero e á que respondeu amosando a maior das solidariedades.

Mauro Caballero Gómez nacera en Valladolid pero se trasladara a Vigo de moi novo para traballar como tipógrafo. Cando tivo un emprego fixo volveu á súa terra a casar coa súa moza, Petra Calleja, e despois do enlace regresaron xuntos a Vigo. Cando Mauro decidiu emigrar a Cuba, xa tiñan dous fillos, Mauro e Pepe. Marchou só pero co tempo reuníronse con el Petra e os nenos, e alí naceron dous máis: Carlos e Federico, ata que a familia aforrou algo de capital e regresou a Galiza sen poder imaxinar sequera que os máis pequenos terían que volver a Cuba, xa adultos, para salvar a vida. No regreso, montaron a funeraria “La Paz” no número 41 da Rúa Real de Pontevedra e colléronlle ao Sindicatos Católicos o traspaso da súa imprenta viguesa, que se mantivo co mesmo nome.

Foi estando xa en Galiza que naceu a quinta filla do matrimonio, Margarita, catorce anos máis nova que o último varón. Viviu o estalido do golpe aos doce anos na cidade olívica:

“Fico, o máis pequeno dos meus irmáns, levábame catorce anos e Carlos, o seguinte, vinte. Eu era o xoguete dos catro. Cando foi da guerra, acababa de facer o primeiro ano de bacharelato e tiña unha vida feliz. Na escola estaba feliz, ata que foi o golpe e aí a vida cambiou por completo. (...) Escoitabamos os fusilamentos, puñamos os colchóns e durmíamos todos no comedor (...) Cando foi o da Porta do Sol estábamos en Vigo pero ao meu pai e ao meu irmán Carlos, que eran os que levaban a funeraria, colleunos en Pontevedra. Non sabíamos nada deles, e durante horas tampouco tivemos novas de Fico, que estaba detido tras participar nas barricadas do Calvario”.

O seu irmán Pepe e a súa curmá, Paula Torrado Calleja, que desde a morte da nai, irmá de Petra, vivía con eles, atravesaron a pé o Morrazo para chegar a Pontevedra en busca de novas de Mauro e Carlos. Ambos eran socialistas e decidiran agocharse. O pai de Margarita era íntimo amigo de José Gómez Osorio, deputado do PSOE nas Cortes Constituíntes saídas das eleccións de 1931 e gobernador civil de Madrid. Tanto que cando acudía á provincia, hospedábase na casa de Mauro, que o acompañaba de mitin e mitin. Cando foi do golpe, Mauro saíu á rúa intentando animar á xente: ‘Non pasa nada, non pasa nada...’ pero cando viu que os sublevados triunfaban habilitou un tobo na propia cociña que lle servise de agocho, mentres que o seu fillo Carlos buscou refuxio na vivenda da madriña de Margarita:



“Eran dúas irmás xa maiores e ninguén desconfiaba delas porque ademais era señorita de compañía da muller dun parente seu que era militar. Carlos estivo alí agochado ata que a través do cónsul puido marchar a Cuba. Como tanto el como Fico naceran en Cuba, exiliáronse alá. De Fico tampouco sabiamos nada. Logo soubemos que o detiveran nas barricadas do Calvario e que o levaron ao Frontón. Estivo alí preso ata outubro”.

O exilio foi o único xeito de salvarlle a vida a Fico, que era anarquista e fora detido nas barricadas que nun van intento de defender a República levantara o pobo no Calvario. Tiveron retido no Frontón vigués, habilitado polos fascistas como cárcere no tempo do medo. Alí permaneceu ata que unha noite de outubro obrigárono a subir na camioneta que cada amencer levaba aos homes á morte. Conducíaa Francisco González Rodríguez, o tristemente célebre tenente alcumado *O Rabioso*:

“Unha noite chamárono para levalo á camioneta, a camioneta en que cada noite metían os homes que paseaban. Era o Rabioso. Fico díciolle que era cubano pero *o Rabioso* non lle facía caso, mais o que estaba de xefe de garda... unhas veces estaban os cívicos, outras veces a Falange, outros a garda civil... ese era da garda cívica e dixo: ‘Un momento, eu respondo de que este é cubano’. Foi ó cárcere ver o expediente do meu irmán e como constaba que nacera en Cuba, chegou alí e dixo: ‘O cubano que baixe’. Fico mandou unha nota á casa desde o frontón: ‘Falade co cónsul, se pode ser xa axiña’. O cónsul colleuno con cariño e retivérono no frontón ata que o conseguiron sacar do país, e despois foi o que fixo que de *extrangis* Carlos embarcase tamén desde A Coruña”.

Fico sabía que os golpistas intentaban evitar conflitos con outros países, e por iso proclamou a súa nacionalidade cubana. O Rabioso non o escoitou pero o xefe da patrulla dos cívicos, que por sorte o acompañaba esa noite, traballaba no *Sprint*, o periódico deportivo que puxera en marcha o famoso Hándicap, e coñecía a Fico. O aval que lle deu á súa nacionalidade cubana permitiu adiar a execución pero Fico non quedou convencido de que *o Rabioso* non intentara subilo á camioneta unha segunda vez e, por iso, no amencer que pensara que xa non ía ver, mandou unha nota á casa desde o frontón: “*Mamá: Hoy mismo por la mañana vayan a ver al cónsul y díganle que si es necesario pida noticias por cable. Vayan a ver a papá si hay tiempo pues quiero que el cónsul me reclame antes de la noche*”. Fixérono así, e o cónsul preocupouse en garantir a súa seguridade ata que conseguiu sacalo do país rumbo a Cuba, onde tempo despois, e tamén grazas as artimañas do cónsul, reuníriase con el o seu irmán Carlos.

No tempo que Carlos estivo agochado na casa da madriña, Margarita ía velo, e para non levantar sospeitas, alternaba esas visitas con outras nas que, acompañada das súas amigas ía á casa charlar coas mulleres mentres o seu irmán seguía oculto. Tratábase de demostrar que tiña moi boa relación coas dúas irmás e frecuentálas a cotío sen levantar sospeitas:



“Fun varias veces sen chegar a velo, coas miñas amigas, para disimular... que elas viran que eu ía por alí porque tiña moito roce coa madriña e que naquela casa non había nada. O meu irmán estaba nunha habitación, sen máis, se chegan ir o collen pero ninguén desconfiou e alí estivo ata que foi para Cuba”.

Toda unha posta en escena para unha nena de doce anos que, nin aquel setembro nin nos dous que virían despois, puido volver á escola. Na casa tiñan medo de que dixera algo que descubriera a presenza do seu pai no tobo improvisado entre dous estantes da cociña: un espazo que habilitaran como despensa resultou ter no medio oco suficiente para agochar un home de pé, pero con apenas sitio para ficar sentado no chan. Coa chegada da barbarie, un amigo carpinteiro tapiouno de xeito que só se podía abrir desde dentro:

“Tapouno e diante puxeron unha alacena, como se fora unha *fresquera* con dous ganchos. O meu pai puña unha tranca e non se podía abrir desde fóra, só el desde dentro. Atrancaba como precaución aínda que se descubrían que estaba alí non ía valer de nada...”

Outra precaución, moi dolorosa para a familia, foi desfacerse do can, porque cada vez que Mauro se metía no agocho púñase a ladrar diante da porta, delatando o paradoiro do seu amo:

“Queríámolo moito... Cando se deitaba, o gato que colleramos na rúa deitábaselle enriba e o can pasáballe a pata de atrás polo lombo para tapalo. Era un can boísimo pero calquera noite ía delatar a papá...”.

Coa caída da noite, adoitaban chegar a Pontevedra os rexistros, as sacas dos cívicos de Lis, os cadáveres que o peor do *lumpen* deixaba nas cunetas para que os atopasen as leiteiras no abrete. Por iso cada noite, a familia Caballero Calleja puña en marcha o ritual. Da habitación do pai baleirábase todo agás as zapatillas e ante calquera signo de alarma, Mauro metíase no zulo e pechábase por dentro, sen deixar rastro ningún. E así pasou máis de dous anos. Margarita lémbrese ben porque foron dous os Primeiros de Maio que o seu pai puxo o traxe e a garabata para andar por casa:

“Chegaba ese día, puña o traxe, zapatos, garabata, e andaba así todo o día. Era a súa homenaxe ao Primeiro de Maio. O resto do ano andaba en pixama ou cunha camisa... pero o Primeiro de Maio, non. O Primeiro de Maio puña o traxe”.

Os cívicos foron buscalo unha noite pero non o atoparon:

“Viviamos nun segundo piso que daba a uns tellados e tiña unhas escaleiras para subir a unha especie de galería que tamén era nosa. Era como un dúplex pero na parte de arriba non viviamos. Tiña os lados inclinados e toda a atención deles era para os tellados e para aquela zona de bufarda. Na cociña apenas miraban. Miraron por encima e non o atoparon. O meu pai sempre que chamaban á porta, por se acaso metíase aí. Preguntabamos ‘Quén é?’ E se era alguén coñecido xa non pechaba”.



Toda precaución era pouca pero cando foi de Fico, Mauro viuse obrigado a deixar o agocho por orde do cónsul, que se empeñou en que fora el en persoa a Vigo levarlle ao *Rabioso* unha carta de agradecemento por deixar ir o fillo. Mauro saíu do agocho e cando chegou á estación xa o detiveron. Explicou que ía por mandato do cónsul pero aos gardas parecía non importarlles e metérono nun coche. O que ía no asento de atrás dicía: “A este matámolo aquí mesmo e non pasa nada”. Pero o chofer, que o coñecía e lle tiña afecto, avisoulle aos demais: “Se facedes iso, collo o coche e imos todos polo barranco”. Fora pola ameaza ou polo respecto ao cónsul, Mauro chegou sen un rasguño ao xulgado de Vigo e puido entregar a carta. Prendelo alí sería unha afronta ao consulado cubano e decidiron deixalo ir. E cando rematada a guerra decidiu abandonar definitivamente o agocho, marchou vivir a Vigo e nunca foi apresado:

“O peor de cando estivo agochado foi a angustia que se pasaba. Cada vez que se sentía un coche pola calle Real, que daquela non había coches case, xa estabamos todos así, coa alma en vilo, e se o coche pasaba...bfff (respira fondo)”.

Resentidos polo agocho do pai e o exilio dos dous fillos, os negocios familiares esmoreceron tras o golpe de Estado. Foi outro dos fillos, Pepe, o que, axudado pola súa curmá Paula, se fixo cargo da funeraria. Pero axiña o chamaron a filas e tivo que loitar no bando golpista, no contrario ás ideas de toda a familia, e o negocio, que naquel momento tiña sucursais en Marín, Vilagarcía e Porriño, foi decaendo ata que tiveron que traspasalo moi por debaixo do seu valor real á funeraria “La Fe” de Vigo, cidade á que a familia marchou definitivamente unha vez Mauro deixou o agocho.

Xa en liberdade enfermou e tampouco puido atender a imprenta, que quedou definitivamente nas mans do irmán maior, Mauro, que tamén chegou a estar uns días preso:

“A Mauro acusárono de pertencer a unha cédula comunista. Non era verdade pero estivo preso en Madrid, en Gobernación”.

Eran malos tempos e aquela imprenta que lle compraran aos Sindicatos Católicos, onde facían *Galicia Social*, o periódico deportivo *Meta* ou as novelas para *Tetilla* foi esmorecendo, pero a pesar dos problemas, nunca faltou que comer:

“Comiamos moito potaxe e ao mellor non tiñamos esas merendas que teñen os nenos: Comiamos pan con leite e azucre e aceite de fígado de bacallau pero nunca faltou de comer e eramos unha familia moi unida.”



Unha familia á que pronto lle faltou un membro. A guerra deixara un dano irreparable en Pepe e morreu pouco despois de regresar. O propio Mauro, afectado por varias doenzas mal curadas no seu obrigado agocho, faleceu en 1952:

“O mei pai era un socialista convencido, vía un *esquirol* e empurraba por el. Decía: ‘Non roubedes nin un alfinete porque empezades por un alfinete e logo roubades algo grande’. E tamén dicía: ‘Tendes que tratar coa mesma educación ao máis rico e ao máis pobre. Non fagades nada a ninguén que non queredes que vos fagan a vós’. Esas eran as leccións do meu pai”.

Margarita regresou ás leccións da aula en 1939 cando aínda vivían en Pontevedra. Pero a escola xa non tiña nada que ver coa que asistía antes do golpe:

“Antes da guerra ía a unha escola republicana, a de Hernán Poza, e logo ía examíname ó instituto. A escola estaba na praza do Teucro e era moi boa. Eramos nenos e nenas, e ás chicas valorábanos moi positivamente. Se os chicos se puñan prepotentes axiña lles cortaban. Practicaban moito a igualdade. Eu fun moi feliz nese colexio. Chamabamos aos profesores polo seu nome e a lectura alí era moi importante. Cando o golpe, acababa de aprobar primeiro, estaba nas vacacións, e o segundo e o terceiro ano xa non fun. Volvín no 39 e empecei segundo pero xa me custaba máis traballo porque me atopaba maior que as outras. De todos xeitos, o colexio xa cambiara, xa o collera outra xente, de dereitas. E despois xa tiñas ese medo”.

Margarita rematou o bacharelato, pero xa non estudou unha carreira. Os seus pais tampouco poderían terlla dado tras o revés nos negocios familiares. Aínda que durante os anos 1937 e 1938 tomaron con ela a precaución de non levala á escola deixábana saír coas súas amigas e nunca dixo nada que puidera desvelar o paradiro do seu pai ou de seu irmán Carlos. Aínda máis, facía de enlace entre Mauro e outro home agochado como el:

“Nós en Vigo tiñamos radio pero en Pontevedra non e había outro home agochado, Cortés, que vivía no Campillo, subindo para Santa María pola parte de atrás, que si tiña. El collía as novas de Francia e pasábaas a máquina en papeis moi finiños e eu ía buscalas alí para traerllas ao meu pai, e sempre me dicían: Lévaas na man e se se achega alguén méteas na boca e cómeas... como era un papel moi finiño...”

Calquera precaución era pouca:

“Había un carnicero que se chamaba Moratinos e era falanxista, que coñecía á miña nai, que sabía como pensaba, e cando ela ía ao mercado dicíalle: “*Esta noche fuimos de caza y cazamos nueve conejos*”. Porque mataran a nove esa noite, e a miña nai non se atrevía a deixar de gastar alí porque se tiña medo por todo, medo a que houbera represalias se deixabas de ir, así que seguía indo alí porque tiña un fillo preso e tiña medo que llo mataran se deixaba de gastarlle ao carnicero. Era terrible.”



Pero Petra devolveu mal con ben. Converteuse nunha desas persoas, nunha desas mulleres que amosaron que os malos tempos sacan o peor dalgúns pero tamén o mellor de moita xente. No 36 galego multiplicáronse os asasinios, os delatores, os silencios cómplices, pero tamén houbo lugar para a esperanza que deixaron como legado persoas como Petra Calleja.

Mediaba o mes do Nadal cando apareceu na súa porta unha muller con dúas nenas que ela coñecía perfectamente. Eran as fillas de Elvira Lodeiro, unha das dúas únicas mulleres que foron fusiladas en Pontevedra tras o golpe de Estado. A veciña de Elvira cumpría así a súa última vontade: “Se algo me pasa, leva ás nenas a casa da familia Caballero”. Porque o peor que podía pasar pasoulle. Elvira estaba casada con Juan Manuel Gómez Corbacho, activista de esquerdas que xa nos sucesos de outubro de 1934 fora condenado en Consello Sumarísimo a pena de morte acusado de fabricar bombas con líquidos inflamábeis. Pero a pena de morte conmutáraselle por prisión e quedara libre tras o triunfo da Fronte Popular nas urnas, un triunfo que intentou defender aquel 20 de xullo, cando os sublevados buscaban tomar o Goberno Civil de Pontevedra¹. Pero conseguírono e Corbacho fuxiu e mantívose agochado ata que, tras unha delación, os cívicos de Víctor Lis deron co seu agocho o 12 de decembro de 1936 no alboio dunha casa da Torre, na parroquia de Salcedo. Prendéronlle lume e puxeron fin nese mesmo intre á vida tanto de Corbacho como de outro activista de esquerdas, Manuel Méndez Montes. Manuel morreu calcinado mentres que Corbacho foi tiroteado cando intentaba saír do alboio, fusil en man.

A traxedia familiar non acabou aí. Os gardas detiveron tamén a tres persoas que estaban na casa: os irmáns Ramón e Consuelo Acuña, cuñados de Méndez, e á esposa de Corbacho, Elvira Lodeiro. Os tres foron sometidos a Consello de Guerra e condenados a morte. Os irmáns Acuña foron fusilados o 14 de decembro e Elvira o 19. Alegara que estaba embarazada pero tras un exame médico os golpistas decidiron que non era certo e acabaron coa súa vida. Deixaba dúas nenas, de tres e cinco anos, que tras o último suspiro da súa nai foron levadas ante a porta da familia Caballero, xunto a unha carta na que Elvira lle pedía a Mauro que se fixera cargo das nenas. Que coidara á pequena, Manolita, como se fora de el e que entregara a Pilita, a maior, a súa irmá Delia. Así se fixo e a partir dese momento, Manolita Gómez Lodeiro converteuse nunha filla máis aínda que Mauro e Petra desoíron dúas da peticións de Elvira: Manterlle á pequena o loito, pois só tiña tres anos, e non contarlle nunca como morreran os seus pais. Eles pensaban que tiña que estar moi orgullosa dos seus orixes e sobre todo do feito de que os seus proxenitores deran ata a vida por defender os ideais daquela República na que eles tamén crían e por iso, faláronlle sempre de Elvira e Manolo e aínda que a

¹ Os datos sobre Gómez Corbacho son tomados de “Pontevedra nos anos do medo” de Xosé Álvarez Castro.



criaron como unha máis, mantivéronlle os seus propios apelidos e o contacto coas súas raíces. A propia Margarita foi en varias ocasións con Manolita visitar á avoa, a nai de Manolo Corbacho, que vivía cunha filla que coxeaba dun pé. Margarita lémbrao así:

“Un día apareceu na casa unha señora con dúas nenas vestidas de negro. Unha de tres anos e outra dous anos maior. Nós tiñamos unha amiga a que queriamos moito, Elvira Lodeiro... Eu lémbrome de ir vela á súa casa, na rúa Isabel II, cando naceu a pequena das súas fillas... Pois Elvira foi fusilada en Monteporreiro e antes de ser fusilada escribiulle unha carta ao meu pai dicindo que lle deixaba as súas dúas fillas, que eran o seu maior tesouro, que as vestisen de loito toda a vida... Era unha carta escrita a lapis, escribiulla o capitán do piquete que a fusilou porque Elvira non sabía escribir(...) Apareceron na casa coas dúas nenas, os meus pais colléronas pero logo a unha reclamouna Delia, unha irmá de Elvira. A outra viviu con nós ata que casou. As dúas irmás perderon o contacto porque Delia marchou coa maior, con Pilita, para Arxentina. Aínda que na carta Elvira pedía que nunca lles dixeran como morreran os seus pais, os meus sempre lles falaron con cariño dos dous dicindo que foran asasinados por defender os seus ideais e ela seguiu cos seus apelidos mais como se criou cos meus pais chamáballes papá e mamá e eu sempre que a nomeo digo ‘a miña irmá’. E ela o mesmo. Pero sempre soubo quen era e de feito as dúas fomos varias veces ver á nai de Gómez Corbacho e a unha irmá que tiña, que era coxa. Vivían baixando por San Francisco, preto da Ferraría. Os meus pais tampouco lle cumpriron a Elvira o desexo de vestilas sempre de negro. Manuela era moi pequena para deixarlle o loito”.

Despois de que as nenas chegaran, os gardas prenderon a Paula, á curmá de Margarita, que entón tiña 34 anos. Paula era filla dunha irmá de Petra e quedara orfa de nai en 1921, nunha epidemia. Tiña un irmán, que tamén morreu axiña, e dúas irmás que quedaron co pai, pero ela marchou con Petra. Tiña moita relación con Elvira porque cando Manolo Corbacho estivera preso tras os sucesos de outubro, fora Paula a que lle escribira as cartas, xa que Elvira non sabía. Tras o asasinato da súa amiga, levárona para interrogala polo porqué de que as nenas estiveran alí. Pero ela amosoulles a carta, escrita polo propio capitán do piquete recollendo o desexo da nai, e deixárona libre. Ata o momento en que as nenas chegaron á casa, os Caballero non sabían nada do paradoiro dos seus pais, só que estaban escapados.

As irmás de Paula tampouco foron alleas á represión exercida polos golpistas pois o home dunha delas era xefe de aviación republicano e tamén estivo preso, e a súa sobriña, María Torrado Calleja, estaba afiliada en Barcelona ás Xuventudes Socialistas e tras participar na resistencia aos sublevados, foi evacuada da cidade cando foi evidente a entrada dos nacionais. Estaba no Tibidabo, metérona con moitos outros exiliados nun autobús e acabou nun campo de concentración de mulleres francés. Tiña quince anos e a súa familia non sabía nada do seu paradoiro. Permaneceu alí ata que a intervención do Socorro Rojo posibilitou o encontro cunha tía paterna que tiña en Alcalá de Henares. Maruja, como lle chamaban en familia a María, intentara localizar á familia Caballero pero chegoulle un



enderezo: General Lis, que ela descoñecía, e ao que non contestou sen saber que eran os seus curmáns Carlos e Fico que a reclamaban desde Cuba. Co tempo acabou vivindo con Margarita, que aínda conserva debuxos que Maruja fixo no campo de concentración.

Tamén as sobriñas de Margarita, as fillas de Carlos, Carmen e Margarita, estiveron ano e medio vivindo con ela e o seu home. Foi cando os seus irmáns regresaron do exilio cubano e mentres buscaban como facer vida en Madrid. Fico nunca casou e viviu toda a vida co seu irmán e con Queti, Enriqueta Alonso, a muller deste, que tamén marchara de Vigo en 1936. Os tres pensaron sempre en volver, como conta a filla pequena do matrimonio, á que lle puxeron o nome da súa tía:

“Na miña nenez, todos os días, na sobremesa, falábase de España, de Vigo, da política... O meu tío Federico sempre dicía que eles tiñan a ilusión de que houbera un golpe de Estado que derrocara a Franco. Cando era nena sempre escoitaba: ‘se hai un golpe de Estado volvemos a Vigo, á nosa patria e a da túa nai’. Eu non sabía o que era un golpe de Estado e pensaba que era algo bo porque me ía permitir pasear por aquela rúa do Príncipe da que falaban sempre”.

Margarita Caballero Alonso, neta de Mauro e Petra

A súa tía explica que ao principio de chegar alá, Carlos e Fico pasárono moi mal.

“Alá tiñamos unha tía, casada cun irmán do meu pai que xa estaba morto, que era moi de dereitas, moi católica, cun fillo cura, e ao principio fíxolles caso pero despois xa non. Menos mal que en Cuba había un bar de galegos que se chamaba *El Cuchillo* e chegaron a facerse íntimos amigos dos donos, que como tamén eran galegos axudaban moitos aos inmigrantes. Dábanlles ben de comer, de feito alí aos pratos de potaxe chamábanlles “El cañonazo”.

Co tempo, explica Margarita, os seus irmáns estiveron moi ben en Cuba:

“Fico colleu unha imprenta e Carlos fíxose viaxante, que el tiña moita labia e convencía á xente. Cando tiñamos a funeraria viñan ao mellor pór unha queixa e saían pagando máis porque el os convencía. En Cuba traballou para un vigués que tiña unha fábrica de embutidos e estivo ben ata que a cousa cambiou... pero contáronme que eles sempre estaban falando de España e da familia, que ata se facían pesados”.

Regresaron en 1970, cando Margarita, a filla menor de Carlos, tiña dez anos. Lembra moi ben o nerviosismo daquel momento:

“O día que chegamos de Cuba a Barajas, aínda vivía Franco e os dous tiñan medo de ser apresados no momento de por un pé en España. O meu pai dicía: Federico se nos deteñen, fusílanos (...) Chegamos e estaban os dous fumando desesperadamente: ‘Ti agarra a unha nena e eu á outra, ao mellor se nos ven con nenas retéñense’. Así que a miña nai, que non tivera problemas políticos, camiñaba soa e eles ían cada un cunha de nós na man. Pero o meu pai estaba tan nervioso que había unha porta de cristal, non a viu, foise contra ela e fixo un



ruído!!! E a porta vibraba!!! E dille a miña nai: 'Pero Carlos!!!' El que quería pasar desapercibido e comeuse a porta!!! Quedamos todos parados mirando para todos os sitios. Un medo... pero afortunadamente non os detiveron."

Margarita Caballero Alonso, neta de Mauro e Petra

Margarita e o seu irmán Mauro estaban agardando por eles fóra, e Margarita levou ás nenas ano e medio para Vigo mentres os adultos organizaban a súa vida en Madrid. Fico era moi bo tipógrafo e axiña atopou traballo nunha imprenta e Carlos tamén se empregou nunha sociedade médica, buscando socios. Pero ao ano e medio de chegar morreu de cancro e os compadres animaron a Queti e ás fillas para que fosen a Nova Iorque. Marcharon e Fico foi con elas. Morreu alá en 1982.

Queti morreu no 2013, con 95 anos, e aínda que non padecera persecución política, compartía os ideais dos Caballero e segundo conta a súa filla, tamén falaba sempre daqueles tempos en que, con dezaoito anos, deixara atrás unha España manchada de guerra, ao seu pai viúvo e á única irmá que lle quedaba, para buscar un futuro mellor en Cuba. Foi alá onde coñeceu a Carlos, a través dunhas amizades comúns:

"A miña nai era dunha familia de seis irmáns, tres morreron de enfermidade antes dos tres anos e outra morreu aos 28 dun ataque ao corazón. A miña avoa perdeu a razón. Era a súa filla predilecta e deixouse morrer (...) Morreu dous anos despois ca filla cando a miña nai tiña só dez. Criouse coa tía Flora, que tiña trece anos máis que ela. Marcharon ás dúas ao Calvario, e alugaron unha habitación na casa dunha señora que tamén era amiga dos Caballero, padriños dun dos seus fillos. Os meus pais coñecéronse no bautizo (...) A miña nai marchou a Cuba en outubro do 36. Unhas amizades dixéronlle: 'Queti, aquí o único que vas a pasar é fame. Vén a Cuba'. E como tiña unha oportunidade de traballo, marchou. Daquela tiña dezaoito anos. Empregouse nunha casa como unha sorte de señorita de compañía e viaxou moito porque era unha casa de xente de moitos cartos".

Margarita Caballero Alonso, neta de Mauro e Petra

A tía Flora tamén acabou os seus días sendo atendida por Margarita, que herdou a solidariedade dos seus pais. Na casa de Petra e Mauro, ademais de a Paula e Manolita, coidouse aos avós de Margarita, ao fillo dun irmán de Mauro que morreu de tuberculose, e ao tío Jesús, un irmán de Petra. A morte de Jesús Calleja coincidiu co agocho de Mauro e a casa dos Caballero acolleu o velorio sen que ningún dos presentes sospeitara que o cuñado do morto estaba metido nun oco da cociña.

E Petra disimulando sempre mentres sufría polos seus e polas amizades que aínda tiveran peor sorte:



“A miña nai, a pobre, dorida sempre. Dous fillos fóra, outro morreulle e o meu pai agochado, que había que facer todo pensando ata o milímetro niso. (...) Os meus pais eran moi amigos dos avós de Conchita, a do bou Eva, e en Pontevedra das Corseteiras e doutras irmás que tiñan unha panadería na Praza da Leña e vivían fronte ao Principal(...) Cando souberon que asasinaran aos pais de Conchita... outro desgusto enorme. Cada vez que morría alguén, unha choreira... Daquela vivías en agonía continua”.

Ademais da solidariedade, Margarita herdou dos seus pais a loita contra o que considera inxusto e como compoñente da Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36, participou non só nos actos de recordo ás vítimas senón tamén nos de rexeitamento á cruz dos caídos que segue habendo na cidade. E explica moi claro porqué:

“Nós viviamos preto da cruz e cando facían a misa na honra dos caídos e ían os da *Falange*, cantaban o “Cara al sol” e os sentíamos, revolvíansenos as tripas, porque era unha homenaxe que se lle facía a esa xente que saía pola noite a matar a mans cheas. Que unha cousa é morrer nunha guerra e outra matar así desa maneira. Facíanlle misas aos asasinados! Eu son católica pero esa cruz... eu non vexo a Deus nela”.